



## BOLETÍN SETEMBRO 2022

### **APE GALICIA - NOVAS**

- ✓ APE GALICIA ASISTE Á ENTREGA DE MEDALLAS EMILIA PARDO BAZÁN 2022
- ✓ O PRESIDENTE DE APE GALICIA, JOSÉ RAMÓN CALDAS, FAI UN CHAMAMENTO PARA “ACERCAR Á ADMINISTRACIÓN Á REALIDADE DO COLECTIVO AUTÓNOMO” NA PRESENTACIÓN DO INFORME “O EMPREGO AUTÓNOMO EN GALICIA: SITUACIÓN ACTUAL E PERSPECTIVAS”

### **INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS**

- ✓ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA SUBVENCÍONS PARA A ECOINNOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA
- ✓ O NÚMERO DE PERSOAS PARADAS AUMENTA EN TODAS AS PROVINCIAS GALEGAS
- ✓ ABRE O PRAZO PARA SOLICITAR AS AXUDAS DESTINADAS Á DIXITALIZACIÓN DE EMPRESAS DO SEGMENTO II, NO MARCO DO PROGRAMA KIT DIXITAL
- ✓ ¿COMO ELABORAR UN PLAN AXEITADO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS?
- ✓ GALICIA PERDE CASE 1.000 AUTÓNOMOS E AUTÓNOMAS NUN SOLO MES

### **APE GALICIA - FORMACIÓN**

- ✓ APE GALICIA PON EN MARCHA DURANTE O MES DE SETEMBRO AS XORNADAS GRATUÍTAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS



## APE GALICIA - NOVAS

### ❖ APE GALICIA ASISTE Á ENTREGA DE MEDALLAS EMILIA PARDO BAZÁN 2022

O presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e a secretaria xeral, Sonia Acuña, asistiron onte á entrega das Medallas Emilia Pardo Bazán 2022

O acto, celebrado pola Xunta de Galicia, pon en valor a traxectoria de mulleres referentes e inspira a seguir polo camiño da igualdade. As premiadas foron a primeira farera de Galicia Cristina Fernández, a Asociación Íntegro de Cabana de Bergantiños e a Fundación María José Jove, que día a día contribúen para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria.



Durante o evento, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, asegurou que o goberno galego seguirá a traballar para romper coa brecha de xénero, destacando a nova lei de igualdade que se está a tramitar. En referencia a esta nova normativa, referiuse a que impulsará a

protección contra ataques sexistas nos medios dixitais, recoñecerá a discriminación múltiple da muller por discapacidade, ou por cuestión de idade, pobreza ou inmigración, introducirá a idea de benestar laboral ligado á conciliación, á maternidade e ao teletraballo, e creará un Estatuto das mulleres rurais e do mar.

### ❖ O PRESIDENTE DE APE GALICIA, JOSÉ RAMÓN CALDAS, FAI UN CHAMAMENTO PARA “ACERCAR Á ADMINISTRACIÓN Á REALIDADE DO COLECTIVO AUTÓNOMO” NA PRESENTACIÓN DO INFORME “O EMPREGO AUTÓNOMO EN GALICIA: SITUACIÓN ACTUAL E PERSPECTIVAS”

“A finalidade deste acto de presentación é poder acercar á administración á realidade do colectivo autónomo, moitas veces descoñecida”. Con estas palabras, o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, clausurou a presentación do informe galego “O emprego autónomo en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro”, elaborado pola asociación de autónomos en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e coa financiación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).



Ao evento, celebrado no Gran Hotel Los Abetos en Santiago de Compostela e patrocinado por Caixa Rural, asistiu o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde López; a conselleira de Promoción e Emprego, María Jesús Lorenzana; a

directora xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús; a xunta directiva de APE Galicia; representantes de entidades financeiras e, tamén presidentes, presidentas e representantes das asociacións. A encargada de abrir o acto de presentación foi a secretaria xeral de APE Galicia, Sonia Acuña Pazos, que puxo en valor a importancia do informe “para darlle visibilidade á situación actual do colectivo autónomo ao que esta asociación representa”.



Máis polo miúdo, o estudo, presentado polos membros da Universidade de Santiago de Compostela, Miguel Ángel Vázquez Taín e María Bastida, fai unha análise exhaustiva do sector autónomo en Galicia na actualidade e as súas previsións de cara a un futuro próximo. Neste eido, o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, agradeceulle á universidade “polo seu excelente e importantísimo traballo” e, recalcou, “que serve para dar visibilidade ás principais demandas do sector”. Ademais, tamén sinalou que o informe “plasma cal é a situación actual e as necesidades dos autónomos e autónomas da nosa comunidade.

Pola súa banda, Caldas explicou que ás veces a este colectivo “non se lle presta a suficiente atención” e recalcou que “dende APE Galicia queremos ser o nexo de unión entre a administración e o colectivo autónomo, a ponte necesaria para establecer sinerxias”. “Somos a voz de todas esas persoas que hoxe nos acompañan”, concluíu.



O obxectivo do informe é realizar unha aproximación ao perfil, características e particularidades das persoas que exercen traballo por conta propia en Galicia, así como analizar a súa evolución recente, co fin de poder estimar a súa situación actual, entender o alcance das súas dificultades e comprender as súas principais motivacións. Deste xeito, facilítase a realización dun conxunto de propostas de intervención particularizadas para este sector.



## INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

### ❖ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA SUBVENCIONS PARA A ECOINNOVACION E DIXITALIZACION DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA

A Xunta vén de publicar no Diario Oficial de Galicia as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para investimentos en ecoinnovación e dixitalización da industria forestal-madeira e outras industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas na madeira, financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (códigos de procedemento IN500C e IN500D).

#### AXUDAS PARA A ECOINNOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA

##### CÓDIGOS IN500C/IN500D

✓ LIÑA 1- ECOINNOVACIÓN (IN500C)  
LIÑA 2 DIXITALIZACIÓN (IN500D)

✓ FOMENTAR A MODERNIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DO SECTOR E IMPULSAR O ECODISEÑO E ECONOMÍA CIRCULAR

✓ PARA PEMES (INCLUIDAS PERSOAS AUTÓNOMAS) DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA, ORGANISMOS INTERMEDIOS, ASOCIACIÓNS, ORGANIZACIÓNS, FUNDACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

✓ LÍMITE DE IMPORTE SUBVENCIONABLE POR PERSOA BENEFICIARIA DE 70.000 EUROS

✓ PRESENTAR SOLICITUDES ATA O 31 OUTUBRO

Estas axudas teñen como obxectivo contribuír a fomentar a modernización e a dixitalización do sector forestal-madeira e impulsar o ecodiseño e a economía circular. As subvencións obxecto desta resolución serán financiadas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cun crédito total de 2.500.000 €, que se distribuirá entre as anualidades 2022 e 2023.

#### Persoas beneficiarias

No caso da **liña 1- Ecoinnovación** (código de procedemento IN500C):

- Pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal-madeira radicadas en Galicia que realicen aproveitamentos forestais ou que utilicen a madeira, a resina, a cortiza e os seus derivados ou outros produtos de orixe forestal, exceptuando os produtos alimentarios, como materia prima para a elaboración dos seus produtos.

- Pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) radicadas en Galicia que implementen ou desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas en madeira.

- Organismos intermedios: organizacións públicas ou privadas, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia que, de forma habitual, presten servizos de apoio á innovación e á modernización ás pemes e que dispoñan de recursos materiais e humanos para impulsar e orientar os proxectos, que desenvolvan a súa actividade principal en Galicia.

\* As empresas poderán presentarse de forma individual ou agrupadas. Os proxectos de agrupacións (presentados por organismos intermedios ou por unha agrupación de empresas) deberán contar cun mínimo de 3 pemes.

Para a **liña 2- Dixitalización** (código de procedemento IN500D):

- Pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal-madeira radicadas en Galicia que realicen

aproveitamentos forestais ou que utilicen a madeira, a resina, a cortiza e os seus derivados ou outros produtos de orixe forestal, exceptuando os produtos alimentarios, como materia prima para a elaboración dos seus produtos.

· Asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, que teñan base asociativa e sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira e que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

### Actuacións obxecto de apoio

**Liña 1- Ecoinnovación:** dirixida a apoiar proxectos vinculados ao ámbito de traballo das empresas beneficiarias especificadas que comprendan polo menos algunha das seguintes actuacións:

- a) Ecodeseñar produtos ou materiais que utilicen a madeira como materia prima, para conseguir desenvolvementos técnicos ou prototipos que melloren a pegada ambiental ao longo do ciclo de vida, respecto a outras alternativas ou modelos anteriores.
- b) Implantar solucións de economía circular, encamiñadas a previr o malgasto e recuperar o máximo valor dos materiais nos procesos propios das persoas beneficiarias.
- c) Introducir ferramentas para a análise dos aspectos ambientais que permitan á empresa identificar e, nalgúns casos, cuantificar os impactos ambientais asociados ás distintas fases do ciclo de vida en procesos produtivos vinculados coa madeira.

**Liña 2- Dixitalización:** dirixida a apoiar proxectos de dixitalización das persoas beneficiarias, vinculados aos procesos que utilicen madeira ou os seus derivados e que comprendan polo menos algunha das seguintes actuacións:

- a) Implantar sistemas de dixitalización, xa sexa dalgún proceso concreto (por exemplo, interacción coa Administración pública ou proceso de fabricación) ou de xestión integral

(ERP, CRM e similares), especificamente deseñados, desenvoltos ou adaptados a un proceso concreto dentro do seu ámbito de actividade.

- b) Poñer en marcha sistemas para a xestión do ciclo de vida de produtos feitos en madeira. Solucións tales como PDM, PLM ou DMF que recollan a información do produto desde a concepción deste ata a súa eliminación ou posta á venda, incluíndo o deseño e fabricación.

- c) Implantar sistemas para o control e/ou mellora dos procesos produtivos, por exemplo sistemas de captura de datos, automatización, supervisión remota, sensórica e/ou mantemento preventivo.

- d) Dixitalizar procesos que poidan levar asociada a impresión 3D ou fabricación aditiva de produtos feitos con madeira no proceso produtivo da empresa.

- e) Despregar sistemas de planificación, control dos recursos empresariais e/ou loxística, tanto interna como externa.

- f) Automatizar e/ou sensorizar produtos ou servizos para o seu control e rastrexabilidade.

- g) Implementar sistemas de interconexión de elementos físicos e virtuais, procesamento de datos capturados (big data) e ciberseguridade.

- h) Desenvolver e poñer en marcha sistemas de analítica avanzada, intelixencia artificial, aprendizaxe automática e/ou toma de decisións autónoma (intelixencia empresarial) en relación coa industria das empresas beneficiarias.

- i) Desenvolver ou adoptar unha interface dixital para as interaccións comerciais cos clientes ou provedores da industria forestal-madeira.

- j) Implantar e/ou desenvolver sistemas de integración da cadea de valor, tanto a nivel organizativo en sentido horizontal como a nivel de colaboración en sentido vertical.

### Contía das axudas

O gasto mínimo subvencionable para as dúas liñas de axudas será de 7.000 euros.

O importe máximo subvencionable será do 70% do gasto subvencionable, cun límite de 70.000 euros por beneficiario.

### Solicitud e prazo

As solicitudes ao programa presentaranse a través da sede electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal>) e o prazo de presentación permanecerá aberto dende mañá ata o 31 de outubro ou ata esgotamento dos fondos no caso de que se produza con anterioridade a esa data.

## ❖ O NÚMERO DE PERSOAS PARADAS AUMENTA EN TODAS AS PROVINCIAS GALEGAS



O número de persoas rexistradas nas oficinas do Servicio Público de Empleo no mes de agosto aumentou en España con respecto ao mes anterior en 40.428 persoas, un 1,4% máis en relación co mes anterior, situándose en 2.924.240 persoas. (En agosto de 2021 había un total de 3.333.915 persoas paradas, o que supón 409.675 persoas paradas máis o ano pasado).

Pola súa banda, en canto aos contratos rexistrados durante o mes de agosto, estes sitúanse en 1.283.791 (371.724 menos que o mes anterior), dos que un 39,47% son de carácter indefinido.

## Datos en Galicia

### Persoas paradas en Galicia

En concreto en Galicia, o paro sitúase en 141.912 persoas, das cales 83.799 son mulleres e 58.113 son homes. Esta cifra supón un total 2.062 persoas paradas máis que o mes pasado (o que supón un 1,47% máis) e 9.352 persoas menos que en agosto do ano pasado (un 6,18% menos).

Se analizamos por sectores, os peores datos en canto ao número de persoas paradas recólleo o sector servizos con 100.747 parados (1.681 máis que o mes anterior), en segundo lugar sitúase a industria con 14.957 persoas paradas (214 máis que en xullo), seguido do sector da construción con 9.919 parados (41 máis que o mes pasado) e, en último lugar, está a agricultura, que se trata do único sector que descende no número de parados ao ter 4.761 persoas paradas (103 menos que en xullo).

Se nos centramos nas provincias galegas, A Coruña sitúase como a provincia cun maior número de persoas rexistradas no SEPE ascendendo esta cifra a 56.569 persoas (816 máis que en xullo), Pontevedra estaría en segunda posición con 54.849 persoas paradas (795 máis que en xullo), o número de parados en Ourense é de 16.763 (199 máis que o mes pasado) e Lugo ten rexistradas 13.731 persoas paradas (252 máis que en xullo).

### Evolución dos contratos en Galicia

En Galicia os contratos rexistrados sitúase en 71.783 (o que supón unha baixada de 14.940 con respecto ao mes pasado), dos cales 20.873 foron contratos indefinidos.

Máis polo miúdo, o número de novos contratos descendeu en todas as provincias da comunidade, na Coruña rexistráronse 29.785 contratos (5.715 menos que en xullo), en Pontevedra 28.049 (6.477 menos que o mes anterior), en Lugo 7.755 (2.144 menos que o mes pasado), e en Ourense 6.194 (604 menos que en xullo).

## ❖ ABRE O PRAZO PARA SOLICITAR AS AXUDAS DESTINADAS Á DIXITALIZACIÓN DE EMPRESAS DO SEGMENTO II, NO MARCO DO PROGRAMA KIT DIXITAL

Esta convocatoria ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras para a concesión de axudas mediante as que se executa o programa Kit Dixital para a dixitalización de pequenas empresas, microempresas e persoas en situación de autoemprego, que ten por obxecto a adopción de solución de dixitalización incluídas no Catálogo de Solucións de Dixitalización do Programa, recollido na plataforma Acelera Pyme.

A finalidade do Programa é mellorar a competitividade e o nivel de madurez dixital das empresas e das persoas en situación de autoemprego, mediante a adopción de solucións de dixitalización en: sitio web e presenza en internet, comercio electrónico, xestión de redes sociais, xestión de clientes, business intelligence e analítica, xestión de procesos, factura electrónica, servizos e ferramentas de oficina virtual, comunicacións seguras, ciberseguridade, presenza avanzada en Internet e Marketplace.

Infografía do Programa Kit Dixital Segmento II. O gráfico presenta os seguintes datos:

- 1** Programa para mellorar a competitividade e o nivel de madurez dixital de empresas e persoas en situación de autoemprego.
- 2** Importe máximo de axuda por beneficiario de seis mil euros.
- 3** Solucións dixitalizadoras en sitio web e presenza en internet, comercio electrónico, xestión de redes sociais, de clientes e de procesos, business intelligence e analítica, factura electrónica...
- 4** O prazo de presentación de solicitudes abre o 2 de setembro de 2022.

**SEGMENTO II PROGRAMA KIT DIXITAL**

Axudas destinadas á dixitalización de empresas de entre 3 e menos de 10 empregados

**Orzamento 500.000.000€**

Logos: red.es, KIT DIGITAL, R, e logos de financiamento da Unión Europea e do Goberno de Galicia.

## Quen pode solicitar estas axudas?

Nesta convocatoria poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas empresas, microempresas e persoas en situación de autoemprego do Segmento II (entre 3 e menos de 10 empregados), cuxo domicilio fiscal estea situado en territorio español.

Non poderán ser beneficiarias:

- As persoas físicas ou xurídicas que sexan Axentes Dixitalizadores Adheridos, nin aquelas coas que estes contraten ou subcontraten para a prestación, en todo ou en parte, das solución de dixitalización.
- As persoas en situación de autoemprego que teñan a consideración de autónomos societarios nin os autónomos colaboradores.
- As unións temporais de empresas (UTE)
- As persoas físicas ou xurídicas que obtivesen a condición nalgunha das convocatorias do Programa Kit Dixital.
- As empresas de natureza pública e as entidades de dereito público.
- Os Colexios profesionais, as sociedades civís, as comunidades de bens, as comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que careza de personalidade xurídica.

## Contía das axudas

O importe máximo total de todas as axudas desta convocatoria é de cincocentos millóns de euros (500.000.000 €).

En concreto, o importe máximo de axuda por beneficiario será de seis mil euros (6.000€). Os importes máximos de axuda por Categoría de Solucións de Dixitalización, así como a duración que debe manterse a prestación do servizo para o segmento II son os seguintes:



## Categoría de Soluciones de Dixitalización

Categoría de Soluciones de Dixitalización	Meses de prestación del servicio	Axudas
Sitio Web e Presencia en Internet	12	2.000 €
Comercio electrónico	12	2.000 €
Xestión de Redes Sociais	12	2.500 €
Xestión de Clientes	12	2.000€ (inclúe 1 usuario)
Business Intelligence e Analítica	12	2.000€ (inclúe 1 usuario)
Xestión de Procesos	12	3.000€ (inclúe 3 usuarios)
Factura Electrónica	12	2.000€ (inclúe 3 usuarios)
Servizos e ferramentas de Oficina Virtual	12	250 € por usuario (Ata 9 usuarios)
Comunicacións Seguras	12	125 € por usuario (Ata 9 usuarios)
Ciberseguridade	12	125 € por dispositivo (Ata 9 dispositivos)
Presencia avanzada en Internet	12	2.000 €
Marketplace	12	2.000 €

### Prazo de presentación de solicitudes

Dende o 2 de setembro de 2022 ás 11:00 h ata o 2 de setembro de 2023 ás 11:00h.

### Presentación de solicitudes

As solicitudes serán realizadas polo solicitante, o seu representante legal ou un representante voluntario que conte coa súa autorización, e se presentarán a través do formulario automatizado habilitado na Sede Electrónica de Red.es, o cal tamén será accesible dende a plataforma Acelera Pyme (<https://www.acelerapyme.gob.es/>) dentro do prazo establecido.

### Servicio de Soporte Funcional da Convocatoria

Ofrece información sobre as bases da Convocatoria

Teléfono: 900 909 001

Email: [info@acelerapyme.gob.es](mailto:info@acelerapyme.gob.es)

Horario: Luns a Venres 9:00 - 18:00

Servicio de Soporte Técnico da Sede Electrónica de Red.es

Ofrece asistencia sobre o funcionamento e requisitos técnicos da Sede Electrónica de Red.es

Teléfono: 901 904 060 / 919 343 677

Email: [soporte.sede@red.es](mailto:soporte.sede@red.es)

Horario: de luns a venres de 9:00 a 18:00h.

## ❖ ¿COMO ELABORAR UN PLAN AXEITADO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS?

A Prevención de Riscos Laborais (PRL) trátase do conxunto de medidas ou accións das que dispón unha empresa ou negocio para evitar ou diminuír na medida do posible os perigos derivados da actividade laboral. Deste xeito, a empresa debe adoptar unha actividade preventiva co obxectivo de promover a seguridade e saúde dos seus traballadores e traballadoras, reducindo a siniestralidade laboral e a incidencia de enfermidades profesionais.

Pero, estamos realmente informados acerca desta materia? Todas as persoas traballadoras teñen unha exposición a riscos á hora de desempeñar as tarefas laborais. Neste eido, existen diversos tipos de perigo, debemos ter en conta os riscos físicos, químicos, biolóxicos, ergonómicos, psicosociais, mecánicos ou ambientais.

Pola súa banda, as empresas adaptan a prevención de riscos laborais aos distintos tipos de traballadores e traballadoras que teñen contratados/as? Para desenvolver unha correcta prevención de riscos laborais nunha empresa é fundamental realizar unha correcta avaliación dos riscos que poidan existir para cada persoa traballadora. A partir de aí, a empresa pode tomar decisións e levar a cabo unha serie de medidas preventivas adaptadas dirixidas a reducir os riscos adaptados a cada persoa. Como exemplo, cabería sinalar que é evidente que os perigos á hora de sufrir determinados accidentes ou a tendencia a padecer certos problemas de saúde non son os mesmos para unha persoa de 20 anos que para unha de 60.

Dende APE Galicia queremos darlle visibilidade e profundizar neste tema tan importante a través da realización de xornadas formativas,

especializadas en distintas temáticas, nas catro provincias galegas. Canta máis información teñamos recopilada máis sinxelo será levar a cabo a avaliación dos riscos. Posteriormente, e en función da análise preventiva realizada, solo quedará definir as accións máis eficaces, adaptadas a cada traballador e traballadora en concreto, para garantir a diminución dos riscos laborais.

## ❖ GALICIA PERDE CASE 1.000 AUTÓNOMOS E AUTÓNOMAS NUN SOLO MES

O verán xa está a piques de rematar e os datos para o sector autónomo en Galicia non son favorables. En tan só un mes produciuse un descenso na comunidade autónoma galega de case 1.000 persoas autónomas. Así o amosan os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, que rexistran un total de 207.105 persoas no réxime de autónomos a finais do mes de agosto, o que supón 915 persoas menos que en xullo cando esta cifra ascendía a 208.020 persoas.

En concreto, o número de altas no mes de agosto foi de 2.008 e o de baixas de 2.923, producíndose un descenso en todas as provincias galegas. Sen dúbida, os datos non son alentadores e as previsións tampouco son positivas de cara aos vindeiros meses de outono. Esta caída do número de persoas autónomas pode ser debida a diversos factores como a actual inflación que estamos atravesando e que provoca que o nivel de gastos sexa especialmente elevado.

Moitas persoas traballadoras por conta propia non poden asumir a escalada de prezos actuais, tanto nas materias primas, coma nos carburantes, nas facturas da luz ou noutros suministros necesarios para levar a cabo a súa labor. Este feito provoca que gran parte dos autónomos e autónomas opten por dar de baixa a súa actividade, posto que cos ingresos obtidos non son capaces de facer fronte aos gastos xerados. Ademais, entre o sector autónomo

tamén está a xerar gran preocupación e inquedanza o novo sistema de cotización por tramos que se porá en marcha a partir do 2023. Neste eido, dende APE Galicia estamos xestionando a organización dunha xornada para resolver todas as dúbidas ao colectivo.

## Comercio electrónico

Ante o actual encarecemento que se está a producir no ámbito económico do traballo por conta propia, cada vez son máis as PEMES ou autónomos que deciden darlle unha volta ao seu negocio e iniciarse no ecommerce. O comercio electrónico chegou para quedar. Malia que nalgúns tipos de actividades esta modalidade de venta non é posible, o certo é que nos últimos anos sufriu un importante auxe. Para as persoas autónomas, adaptar a súa actividade ao comercio a través de internet leva consigo unha serie de vantaxes, tanto a nivel de captación de clientes como de aforro de custes.

Neste eido, destacar que segundo un estudo realizado pola consultora PwC, máis de medio millar de PEMES galegas xa usan a tenda de Amazon para vender os seus produtos. Deste xeito, empregan esta plataforma de comercio electrónico para aumentar as súas vendas e darlle máis visibilidade ao seu negocio. O informe sitúa a Galicia como a quinta comunidade por número de empresas que canalizan o seu comercio electrónico a través do xigante de Amazon, por detrás de Cataluña, Madrid, Comunidade Valenciana e Andalucía.

Este estudo tamén destaca o efecto multiplicador de vender en Amazon, xa que por cada euro aportado ao PIB por estas PEMES xéranse 2,8 euros no conxunto da economía española. E non só iso, ademais, sete de cada dez destas pequenas e medianas empresas aumentaron a súa facturación dende que usan

esta canle para as súas vendas online, e case a metade incrementáronas en máis dun 25%.



## APE GALICIA - FORMACIÓN

### ❖ APE GALICIA PON EN MARCHA DURANTE O MES DE SETEMBRO AS XORNADAS GRATUÍTAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

APE Galicia pon en marcha durante este mes de setembro as xornadas gratuítas de Prevención de Riscos Laborais nas catro provincias de Galicia. Deste xeito, ao longo deste mes recorreremos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para impartir:



**XORNADAS DE RISCOS LABORAIS**

GRATUÍTAS  
PRAZAS  
LIMITADAS

**SETEMBRO  
2022**

CONSULTA AS  
DATAS E LUGALES  
NA NOSA WEB  
[www.apegalicia.gal](http://www.apegalicia.gal)

co financiamento de: XUNTA DE GALICIA

organiza: APE

- AVANCES NA SAÚDE LABORAL E CONDICIÓN DE TRABALLO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO.
- FOMENTO DO HÁBITO DE VIDA SAUDABLE NA CONTORNA LABORAL.
- PRL E TRABALLADORES DE MÁIS DE 55 ANOS.

"PRL e traballadores de máis de 55 anos", para dar a coñecer cales son os riscos que sofre este sector no seu lugar de traballo e as pautas e ferramentas para protexernos.

"Avances en saúde laborable e condicións de traballo con perspectiva de xénero", cuxo obxectivo é sensibilizar da importancia da perspectiva de xénero na actividade de prevención dos riscos laborais.

"Fomento do hábito de vida saudable na contorna laboral", para promover un estilo de vida saudable e difundiremos as novas ferramentas de promoción destes bos hábitos na contorna laboral.

As prazas son limitadas e as inscricións faranse dende a nosa páxina [www.apegalicia.gal](http://www.apegalicia.gal).

As xornadas, que terán unha duración aproximada de tres horas cada unha, contan coa colaboración da Xunta de Galicia, AECO Asociación de Empresarias de A Coruña, COETICOR, Asociación Boirense de Empresarios, Asociación Empresarial de Profesionales y Autónomos de Ourense, Aprevar, Aelu Mulleres Empresarias Lugo e ARE Rianxo.



Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



[https://www.instagram.com/ape\\_galicia/](https://www.instagram.com/ape_galicia/)

# APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Dirección: Gajos de  
Mendoza Nº2, Bajo 2 -  
36001 Pontevedra

